

Seguro Defensa Xurídica

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Asistencia Legal BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro que che ofrece asesoramento xurídico e fiscal para feitos ocorridos dentro do territorio nacional. A suma asegurada será a que conste nas condicións xerais do teu contrato.



Que se asegura?

- ✓ **Asesoramento xurídico telefónico**
BBVA Allianz Seguros responderache a calquera consulta xurídica ou legal que realices referente ao teu ámbito persoal e específico da lexislación española.
- ✓ **Asesoramento fiscal telefónico**
BBVA Allianz Seguros responderache a calquera consulta fiscal que realices referente ao teu ámbito persoal e específico da lexislación española.
- ✓ **Axuda legal 24 horas**
BBVA Allianz Seguros prestarache, de forma telefónica, axuda legal en situacións de urxencia (control de alcoholemia, roubo, accidente...) durante as 24 horas do día.
- ✓ **Elaboración e revisión de contratos**
BBVA Allianz Seguros, polo teu pedimento, elaborará ou revisará contratos e/ou escritos nos que ti sexas parte (cartas de reclamación e/ou solicitando información, documentación, compravenda inmobles, autos...).
- ✓ **Defensa do consumidor**
Este servizo inclúe a defensa prexudicial dos teus dereitos como consumidor por avogados colexiados.
- ✓ **Acceso á rede de despachos de avogados**
Cóbrecos os servizos dun despacho de avogados colaborador da rede nacional de despachos de avogados de BBVA Allianz Seguros.
- ✓ **Xestión de sancións de tráfico**
BBVA Allianz Seguros elaborará e presentará os escritos da túa defensa fronte aos procedementos administrativos sancionadores de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria abertos contra ti ou condutor autorizado.
- ✓ **Asesoramento en xestoría administrativa**
BBVA Allianz Seguros prestarache asesoramento telefónico sobre calquera tipo de xestión que debas facer ante a Administración pública.
- ✓ **Acceso á rede de xestorías administrativas**
Terás acceso aos servizos dunha xestoría administrativa colaboradora da rede nacional de xestorías administrativas de BBVA Allianz Seguros.
- ✓ **Busca en boletíns oficiais e Testra**
BBVA realizará a busca nos boletíns oficiais e no Testra por, se hai algún expediente sancionador publicado ao teu nome, que o poidas atender no tempo e na forma oportunos.
- ✓ **Defensa en materia laboral**
BBVA Allianz Seguros cubrirá a túa defensa como traballador por conta allea en caso de sufrir un despedimento laboral e para impugnar resolucións emitidas por organismos da Seguridade Social que non recoñezan a túa incapacidade permanente parcial, total, absoluta ou grande invalidez.
- ✓ **Reclamación de danos en caso de accidente derivado da circulación de vehículos a motor**
BBVA Allianz Seguros garánteche a reclamación tanto por vía amigable coma xudicial aos terceiros responsables das indemnizacións que che corresponden por danos corporais e prexuízos patrimoniais que sufrises como peón, condutor ou ocupante dun vehículo a motor.
- ✓ **Defensa penal**
Queda cuberta a túa defensa penal en calidade de denunciado, detido ou imputado, ou en calidade de denunciante ou prexudicado, segundo os casos descritos nas condicións xerais.
- ✓ **Defensa en caso de separación e/ou divorcio**
Queda cuberta a túa defensa en procedementos de separación ou divorcio, contencioso ou de mutuo acordo, na súa tramitación durante a primeira instancia.
- ✓ **Reclamacións por reparacións de vehículos automóbiles en talleres**
Queda cuberta a túa defensa, ante a xurisdición civil e para a tramitación de primeira instancia, en procedementos de reclamación contra talleres de reparación de vehículos automóbiles polas realizadas no marco do previsto no Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro.

Seguro Defensa Xurídica

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Asistencia Legal BBVA Allianz



Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ✗ Quedan excluídos con carácter xeral aqueles gastos que non fosen comunicados previamente a BBVA Allianz Seguros e aqueles para os que non se obtivese a correspondente autorización.
- ✗ O cumprimento das obrigas impostas ao asegurado por sentenza ou resolución administrativa.
- ✗ O pagamento de multas e a indemnización de gastos orixinados por sancións impostas ao asegurado polas autoridades administrativas ou xudiciais, os tributos dos que fose suxeito pasivo e os gastos que procedan por acumulación ou reconversión cando se refiran a materias non comprendidas no obxecto do seguro.

- ✗ As viaxes cunha duración superior a 90 días.
- ✗ Enfermidades mentais, revisións médicas de carácter preventivo, curas termais, cirurxía estética, a síndrome de inmunodeficiencia adquirida e aqueles casos nos que a viaxe teña por obxecto recibir tratamento médico ou intervención cirúrxica, tratamentos de medicinas alternativas (homeópatas, naturistas etc.), os gastos derivados de tratamentos fisioterapéuticos e/ou rehabilitadores, así como aqueles afíns a estes.
- ✗ Deportes de aventura, tales como balsismo, pontismo, hidrospeed, barranquismo e similares. Nestes casos BBVA Allianz Seguros só intervirá e tomará ao seu cargo os gastos producidos polo asegurado desde o momento en que este está baixo tratamento nun centro médico.
- ✗ Overbooking.
- ✗ A participación do asegurado en apostas, desafíos ou pelexas.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! A suma máxima asegurada para cubrir a totalidade dos gastos garantidos establécese en 6.000 EUR por anualidade do seguro, salvo os establecidos en cada garantía:
 - Defensa do consumidor: 200 EUR
 - Xestión de sancións de tráfico: 300 EUR
- ! BBVA Allianz Seguros non garante o resultado en relación coas xestións realizadas.
- ! Os servizos prestados a través das garantías de asesoramento fiscal telefónico, axuda legal 24 horas e asesoramento en xestión administrativa son verbais, non inclúen a redacción de informes ou ditames.
- ! Os honorarios polo servizo dun despacho colaborador da rede nacional de despachos de avogados de BBVA Allianz Seguros son pola túa conta, excepto a primeira visita presencial que teñas con eles.
- ! Non tes cuberta a xestión de sancións de tráfico por sancións fóra do territorio español, así como a vía contencioso-administrativa e/ou as accións e/ou omisións sometidas a procedemento penal.

- ! En defensa en materia laboral non se che cobre a defensa contra entidades distintas á empresa empregadora nin contra FOGASA. Tampouco queda incluída a execución de resolucións cando non teñan o carácter de firme.
- ! Se es denunciado, detido ou imputado, non tes incluída a defensa penal en caso de faltas seguidas por estes feitos:
 - Furto, roubo, inxurias, calumnias, ameazas, insolvencia punible, denuncias falsas ou simulación de delito.
 - Pintadas en bens mobles, danos á propiedade ou furtos, efectuadas polos teus familiares descendentes (menores de 18 anos que convivan contigo).
- ! A cobertura de defensa en caso de separación e/ou divorcio ten un período de carencia de 6 meses e será pola túa conta o 40 % dos honorarios do avogado. Quedan excluídos a liquidación da sociedade de gananciais e os procedementos de modificación de medidas.
- ! O mínimo litixioso para a cobertura de reclamacións por reparacións de vehículos automóbiles en talleres é de 200 EUR.
- ! As accións derivadas do contrato de seguro prescriben no prazo de dous anos, que se contará desde o inicio do seu trámite.

Seguro Defensa Xurídica

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Asistencia Legal BBVA Allianz



Onde estou cuberto?



En España.



Cales son as miñas obrigas?

- Pagar o seguro.
- Comprobar que os teus datos que constan no contrato de seguro son os correctos e comunicarlle a BBVA Allianz Seguros por escrito a súa actualización no caso de que cambien.
- Se se produce algún incidente, débese comunicar a BBVA Allianz Seguros dentro do prazo máximo de sete días. Se se trata dun xuízo rápido, ou de calquera outra actuación xudicial ou administrativa de carácter inmediato, debes comunicarte con BBVA Allianz Seguros antes da realización do xuízo.
- Entregarlle o antes posible a BBVA as notificacións que recibas e, como tarde, polo menos con cinco días hábiles de antelación ao vencemento do prazo legal de presentación do escrito correspondente, con indicación da data e forma de recepción da notificación.




Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

O cargo do recibo realizarase a partir da data inicial do seguro a través da túa domiciliación bancaria, coa forma de pagamento que escollas: anual, semestral ou trimestral.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato é de duración anual. Entra en vigor desde a data de inicio ata a de finalización indicada nas condicións particulares. Despois irase renovando cada ano de forma automática.



Como podo rescindir o contrato?

Telo que solicitar por escrito, anexar a fotocopia do teu DNI ou documento equivalente acreditativo da túa identidade e dirixilo a BBVA Allianz Seguros ao domicilio que figura nas condicións xerais (calle Ramírez de Arellano, 35 - 28043 Madrid), a través de calquera das oficinas do Grupo BBVA ou ao enderezo de correo electrónico seguros@bbvaallianz.es, un mes antes da data de finalización e/ou renovación anual do contrato.